

Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 14 de xuño de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Aprobación da valoración técnica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor, presentada no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2024018839).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de maio de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.*

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de maio de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación, na sesión do día 30 de maio de 2024, procedeu á apertura do sobre "A", correspondente a documentación administrativa, e declarou admitidas ás seguintes empresas:

RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)

A continuación, procedeu á apertura dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e



acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración.

O servizo de Turismo Rías Baixas, con data 14 de xuño de 2024, emitiu o referido informe de valoración (CSV: WCIQM34L2UHO52N6), co seguinte resultado:

RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)	
SOBRE B	
1. Requisitos técnicos da plataforma e modelo de datos semántico (ata 20 puntos).	18
a) Análise e consultaría inicial, ata 6 puntos	6
b) Implementación da ontoloxía e grafo de coñecemento, ata 7 puntos.	5
c) Características e funcionalidades da plataforma semántica, ata 7 puntos.	7
2. Asistente conversacional (ata 11 puntos).	6
a) Implementación do asistente conversacional, ata 6 puntos.	3
b) Integración do asistente conversacional, ata 5 puntos.	3
3. Consultoría do Data Lake e IoT (ata 7 puntos).	2
4. Plan de traballo (ata 7 puntos).	6
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 45 puntos)	32

A vista do exposto, a Mesa de Contratación acorda:

Prestar conformidade ao informe de valoración do servizo de Turismo Rías Baixas, de 14 de xuño de 2024 (CSV: WCIQM34L2UHO52N6), e, en base ao mesmo, outorgar á empresas que resulta admitida no procedemento aberto seguido para a contratación do *Servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*, as puntuacións acadadas no referido informe, co seguinte resultado:



Empresas	Puntuación sobre B
RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)	32,00 puntos

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

